

Á MESA DO PARLAMENTO

Os deputados Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado, Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Juan M. Fajardo Recouso e a súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Despois de que vísemos ao señor Feijóo, en tempo de campaña electoral, anunciar que a Xunta de Galicia, o Cluster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga) e Citroën investirán 9,34 millóns en 5 anos para poñer en funcionamento unha “aceleradora de innovación” con vistas á chegada da Industria 4.0; agora vimos de saber que PSA Peugeot Citroën Vigo anunciou aos sindicatos unha redución na produción de 12.000 vehículos, prevista para o último cuatrimestre deste ano, o que afectará a máis de 150 empregos, aos que se lle aplicará o ERE. A empresa xustifica esta redución de plantilla nas baixas expectativas do mercado que afecta a todos os seus modelos.

A coincidencia de ambas novas inducen a pensar que, ou ben o investimento en investigación foi una promesa electoralista e que os plans da dirección de Citroën para a planta de Vigo son outros, ou ben que a aposta pola industria 4.0 leva consigo cambios que afectarán negativamente aos traballadores e traballadoras da planta de Balaídos.

Por todo o exposto, Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

- Como pode afectar o anuncio de redución de produción e plantilla de PSA-Citroën no futuro da planta en Vigo?

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 07/07/2016 12:57:55

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/07/2016 12:58:09

Ramón Vázquez Díaz na data 07/07/2016 12:58:14

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 07/07/2016 12:58:18

Eva Solla Fernández na data 07/07/2016 12:58:23

Jose Javier Ron Fernandez na data 07/07/2016 12:58:28